

## FICHA TÉCNICA DO DESEÑO DA ACTIVIDADE DE AVALIACIÓN

### SATISFACCIÓN COAS PERSOAS TITULADAS

#### Empregadores/as

Referencia	Grupo de interese para avaliar (usuarias/os)	Aspecto para avaliar	Responsable da actividade
-	Empregadores/as	Grao de satisfacción coa formación e desempeño laboral das persoas egresadas,	Equipos de dirección dos centros

Previsións temporais		Metodoloxía de medición	
Período(s) de recollida de datos	Prazo de presentación dos resultados	Método de medición	Técnica de recollida de datos
Setembro	Novembro setembro	Grupo de discusión	Presencial

#### Obxectivos da avaliación

##### Obter información relativa:

- ás necesidades e competencias requiridas polos empregadores/as,
- á adecuación das competencias adquiridas polas persoas egresadas no desempeño do seu traballo,
- á adecuación do plan de estudos e
- ás necesidades do eido laboral.

#### Recursos necesarios que se empregan

##### Recollida de datos (cuestionario):

Equipos de dirección dos centros: xestión e planificación, recollida dos datos e xestión dos informes.

##### Elaboración de informes:

Id.

#### Datos técnicos

- **Poboación**
  - Para cada centro da Universidade de Vigo, as organizacións empregadoras das persoas egresadas das súas titulacións.
- **Criterios de selección (da mostra, das persoas entrevistadas ou das persoas participantes)**

Mostraxe por cotas.  
Selección realizada baseándose no tamaño da empresa e por sector de actividade.
- **Tamaño da mostra (no seu caso, número de persoas entrevistadas ou número de participantes e reunións)**

Representantes de 5 empresas.
- **Técnica de grupo**

Grupo focal.
- **Modelo de medición**

Non determinado.
- **Metodoloxía para a recollida de datos**

Os cuestionarios póñense a disposición de xeito presencial.

O rexistro e recollida de datos é, tamén, presencial. A persoa de apoio ao moderador transcribirá literalmente as intervencións do moderador e das valoracións das persoas que conforman o grupo.

- **Guión ou cuestionario**

A administración das preguntas realízase a través dun guión ou cuestionario de avaliación, a través do cal o moderador do grupo orienta a sesión aos aspectos relevantes desta.

- Cuestionario de satisfacción dos empregadores cos egresados.

O guión ou cuestionario base consta de 6 preguntas.

Escala de valoración:

Nas preguntas **cuantitativas**, escala numérica con 5 graos de valoración. A posición extrema inferior é o valor máis negativo (1) e a extrema superior o valor máis positivo (5) para a resposta a cada pregunta.

Escala:

(NS/NC) *Non sabe, Non contesta*

(1) *Moi insatisfactorio*

(2) *Insatisfactorio*

(3) *Aceptable*

(4) *Satisfactorio*

(5) *Moi satisfactorio.*

O valor medio da escala é, por tanto, o (3) *Aceptable*.

Ademais, os cuestionarios conteñen preguntas sobre aspectos **cualitativos**, que permiten respostas abertas.

- **Referencias comparativas**

Non determinadas.

- **Modo de presentación dos resultados**

Cada centro / titulación elaborará os informes de resultados a partir dos datos recollidos na sesión.

Os resultados preséntanse a través dun informe de resultados por titulación, que contén información integrada dos resultados de participación e satisfacción para cada titulación.

Modo de difusión:

Os informes de resultados están dirixidos, en 1º termo, aos decanos/as e directores/as dos centros, aos coordinadores/as de calidade e aos coordinadores das titulacións oficiais.

Ademais, a difusión debe estar dirixida tamén, polo menos, aos grupos de interese que avaliaron (empregadores/as).

- **Outros**

Os equipos de dirección dos centros realizarán a planificación e organización da(s) sesión(s), así como a selección da mostra, en colaboración cos responsables das titulacións do centro.

Elaboración (responsable da actividade de avaliación)	Validación
Data e sinatura	Data e sinatura

